

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
Lingua Castelá e Literatura de 1º ESO

CURSO 2019-2020

Modelo elaborado segundo as:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1 / B2.1.1	Retén información e recoñece a idea principal e as ideas secundarias, comprendendo as relacións entre elas.
B2.4 / B2.4.1	Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo.
B2.4 / B2.4.2.	Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.
B3.1 / B3.1.1	Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.
B3.1 / B3.1.2	Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.
B3.4 / B3.4.1	Recoñece a expresión da obxectividade ou subxectividade identificando as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.
B3.3 / B3.5.1	Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto.
B3.7 / B3.7.1	Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.
B4.1 / B4.1.1	Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.
B4.3 / B4.3.1	Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero con intención lúdica e creativa.
B.4.3 / B4.3.2	Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Utilízanse fichas de exercicios enviadas polos profesores en documentos word ou realizadas a través da plataforma educativa Edmodo, exercicios interactivos e o libro de texto, apuntes e fotocopias para a súa realización.</p>
	<p>Instrumentos: Todas as actividades que o alumnado está a enviar neste último trimestre serán tidas en conta en positivo para a nota final. Os alumnos poderán acadar ata dous puntos máis na cualificación final, en función das actividades levadas a cabo no terceiro trimestre e o esforzo realizado durante todo o curso, sobre todo durante as clases presenciais.</p> <p>Os alumnos que teñen na 1ª e 2ª avaliación unha nota media inferior a 4 realizarán tamén unha proba telemática no mes de xuño sobre contidos da primeira e segunda avaliación.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación da avaliación ordinaria (xuño) será a media das dúas primeiras avaliacións. A esta media sumárase, en función das actividades levadas a cabo no terceiro trimestre e o esforzo realizado durante todo o curso, sobre todo, durante as clases presenciais, ata un máximo de dous puntos, como xa se especificou no apartado anterior.</p> <p>A cualificación da proba da 1ª e 2ª avaliación que se realizará en xuño para subir nota fará media coas notas das dúas primeiras avaliacións. Se lles sumará tamén ata un máximo de dous puntos polo traballo realizado durante o terceiro trimestre.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>A cualificación da avaliación extraordinaria será exclusivamente a obtida na proba que se realizará no mes de setembro e incluírá contidos da materia impartidos nas dúas primeiras avaliacións, aplicando os estándares de aprendizaxe imprescindibles que aparecen recollidos nesta programación adaptada. De non ser posible a realización dunha proba presencial, por razóns sanitarias, farase unha telemática.</p> <p>A cualificación debe ser igual ou superior a 5 puntos para ser positiva.</p>

Avaliación de materia pendentas	Non hai avaliación de materia pendente.
--	---

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Realízanse actividades semanais de repaso sobre contidos da 1ª e 2ª avaliación elaboradas polos profesores. Os alumnos, que na dúas primeiras avaliacións non acadaron os obxectivos, realizarán tamén unha proba para subir nota.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	A maioría do alumnado ten conectividade (conexión no ordenador ou teléfono móbil). As actividades son enviadas semanalmente ao correo electrónico dos alumnos, colgadas na aula virtual ou na páxina web do IES ou realizadas na plataforma Edmodo. Unha vez realizadas, reenvíanas ao correo electrónico dos profesores para a súa cualificación e posterior envío correxidas. As actividades realizadas na plataforma Edmodo tamén son revisadas polo profesor. A proba para subir nota da 1ª e 2ª avaliación farase vía telemática a través da aula virtual do IES.
Materiais e recursos	A maioría dos alumnos dispoñen nas súas casas do material necesario, (conexión no ordenador ou teléfono móbil, libro de texto, fotocopias...) para a realización das actividades e a preparación da proba. As súas consultas sobre calquera cuestión académica, así como informacións por parte dos profesores ao alumnado e as súas familias, realízanse por medio do correo electrónico, a plataforma Edmodo, a aplicación Abalar e a páxina Web do IES.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A información sobre esta programación adaptada será dada a coñecer ao alumnado e ás familias a través da páxina web do IES. Tamén será enviada ao alumnado por diferentes medios.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
Lingua Castelá e Literatura de 2º ESO

CURSO 2019-2020

Modelo elaborado segundo as:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3/ LCLB1.3.1	Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas.
B2.3/ LCLB2.3.1	Utiliza de xeito autónomo diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.
B2.4/ LCLB2.4.2	Escrebe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
B2.5/ LCLB2.5.1	Escrebe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo.
B2.5/ LCLB2.5.1	Escrebe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar.
B2.5/ LCLB2.5.2	Escrebe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.
B3.1 / LCLB3.1.1	Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.
B3.1 / LCLB3.1.2	Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.
B4.1 / LCLB4.1.1	Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.
B4.2 / LCLB4.2.1	Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero con intención lúdica e creativa.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Utilízanse fichas de exercicios enviadas polos profesores en documentos word ou realizadas a través da plataforma educativa Edmodo, exercicios interactivos e o libro de texto, apuntes e fotocopias para a súa realización.</p>
	<p>Instrumentos: Todas as actividades que o alumnado está a enviar neste último trimestre serán tidas en conta en positivo para a nota final. Os alumnos poderán acadar ata dous puntos máis na cualificación final, en función das actividades levadas a cabo no terceiro trimestre e o esforzo realizado durante todo o curso, sobre todo durante as clases presenciais.</p> <p>Os alumnos que teñen na 1ª e 2ª avaliación unha nota media inferior a 4 realizarán tamén unha proba telemática no mes de xuño sobre contidos da primeira e segunda avaliación.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación da avaliación ordinaria (xuño) será a media das dúas primeiras avaliacións. A esta media sumárase, en función das actividades levadas a cabo no terceiro trimestre e o esforzo realizado durante todo o curso, sobre todo, durante as clases presenciais, ata un máximo de dous puntos, como xa se especificou no apartado anterior.</p> <p>A cualificación da proba da 1ª e 2ª avaliación que se realizará en xuño para subir nota fará media coas notas das dúas primeiras avaliacións. Se lles sumará tamén ata un máximo de dous puntos polo traballo realizado durante o terceiro trimestre.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>A cualificación da avaliación extraordinaria será exclusivamente a obtida na proba que se realizará no mes de setembro e incluírá contidos da materia impartidos nas dúas primeiras avaliacións, aplicando os estándares de aprendizaxe imprescindibles que aparecen recollidos nesta programación adaptada. De non ser posible a realización dunha proba presencial, por razóns sanitarias, farase unha telemática.</p> <p>A cualificación debe ser igual ou superior a 5 puntos para ser positiva.</p>

Avaliación de materia pendentes	A avaliación da materia pendente realizarase a través dos instrumentos previstos na programación do Departamento. Se o alumnado supera as dúas primeiras avaliacións do curso de 2ºESO considerarase recuperada a materia pendente; no caso de non ser así, deberán realizar os boletíns de exercicios entregados durante o curso; de non poder facelo por calquera circunstancia, realizarase unha proba telemática no mes de xuño.
--	--

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Realízanse actividades semanais de repaso sobre contidos da 1ª e 2ª avaliación elaboradas polos profesores. Os alumnos, que na dúas primeiras avaliacións non acadaron os obxectivos, realizarán tamén unha proba para subir nota.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	A maioría do alumnado ten conectividade (conexión no ordenador ou teléfono móbil). As actividades son enviadas semanalmente ao correo electrónico dos alumnos, colgadas na aula virtual ou na páxina web do IES ou realizadas na plataforma Edmodo. Unha vez realizadas, reenvíanas ao correo electrónico dos profesores para a súa cualificación e posterior envío correxidas. As actividades realizadas na plataforma Edmodo teñen unha corrección automática e revísanse por parte do docente. A proba para subir nota da 1ª e 2ª avaliación farase vía telemática a través da aula virtual do IES.
Materiais e recursos	A maioría dos alumnos dispoñen nas súas casas do material necesario, (conexión no ordenador ou teléfono móbil, libro de texto, fotocopias...) para a realización das actividades e a preparación da proba. Dado que posúen conectividade, utilízase un canal aberto na plataforma YouTube para ofrecer breves informacións. As súas consultas sobre calquera cuestión académica, así como informacións por parte dos profesores ao alumnado e as súas familias, realízanse por medio do correo electrónico, a plataforma Edmodo, a aplicación Abalar e a páxina Web do IES. Para actividades de ampliación, voluntarias e que seguen para a súa avaliación os criterios anteriormente descritos, úsase a plataforma Webex.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A información sobre esta programación adaptada será dada a coñecer ao alumnado e ás familias a través da páxina web do IES. Tamén será enviada ao alumnado por diferentes medios.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Lingua castelá e Literatura de 3º ESO

CURSO 2019/2020

Modelo elaborado segundo as:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**
- 2. Avaliación e cualificación**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre**
- 4. Información e publicidade**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.2 Leer, comprender, interpretar y valorar textos.	Reconoce y expresa el tema y la intención comunicativa de textos narrativos, descriptivos, instructivos, expositivos, argumentativos y dialogados identificando la tipología textual seleccionada, las marcas lingüísticas y la organización del contenido.
B2.5 Aplicar progresivamente las estrategias necesarias para producir textos adecuados, coherentes y cohesionados.	Revisa el texto en varias fases para aclarar problemas con el contenido (ideas y estructura) o la forma (puntuación, ortografía, gramática y presentación), y evalúa su propia producción escrita.
B2.7 Valorar la importancia de la escritura como herramienta de adquisición de los aprendizajes y como estímulo del desarrollo personal.	Resume textos generalizando términos que tienen rasgos en común, globalizando la información e integrándola en oraciones que se relacionan lógicamente y semánticamente, evitando parafrasear el texto resumido.
B3.1 Aplicar los conocimientos sobre la lengua y sus normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orales y escritos y para la composición y revisión progresivamente autónoma de los textos propios y ajenos, utilizando la terminología gramatical necesaria para la explicación de los diversos usos de la lengua.	Reconoce y explica el uso de las categorías gramaticales en los textos y utiliza este conocimiento para corregir errores de concordancia en textos propios y ajenos.
B3.2 Reconocer y analizar la estructura de las palabras pertenecientes a las distintas categorías gramaticales, distinguiendo las flexivas de las no flexivas.	Reconoce y explica los elementos constitutivos de la palabra (raíz y afijos), y aplica este conocimiento a la mejor comprensión de textos escritos y al enriquecimiento de su vocabulario activo. Explica los procedimientos de formación de palabras, distinguiendo las compuestas, las derivadas, las siglas y los acrónimos.
B3.3 Comprender el significado de las palabras en toda su extensión para reconocer y diferenciar los usos objetivos de los usos subjetivos.	Hace inferencias e hipótesis sobre el sentido de una frase o de un texto que contenga matices semánticos y que favorezcan la construcción del significado global y la evaluación crítica.
B3.8 Identificar los conectores textuales presentes en los textos y los principales mecanismos de referencia interna, tanto gramaticales como léxicos, reconociendo la función que realizan en la organización	Reconoce, usa y explica los conectores textuales (de adición, contraste y explicación) y los principales mecanismos de referencia interna, gramaticales (substituciones pronominales) y léxicos (elipsis y sustituciones mediante sinónimos e hiperónimos), valorando su función en la organización del contenido del texto.

<p>B3.7 Observar, reconocer y explicar los usos de los grupos nominales, adjetivales, verbales, preposicionales y adverbiales dentro del marco de la oración simple.</p>	<p>Reconoce y explica en los textos el funcionamiento sintáctico del verbo a partir de su significado, distinguiendo los grupos de palabras que pueden funcionar como complementos verbales argumentales y adjuntos.</p> <p>Identifica los grupos de palabras en frases y textos, diferenciando la palabra nuclear del resto de palabras que lo forman, y explica su funcionamiento en el marco de la oración simple.</p> <p>Reconoce y explica en los textos los elementos constitutivos de la oración simple, diferenciando sujeto y predicado e interpretando la presencia o la ausencia del sujeto como una marca de la actitud, objetiva o subjetiva, del emisor.</p> <p>Identifica los grupos de palabras en frases y textos, diferenciando la palabra nuclear del resto de palabras que lo forman, y explica su funcionamiento en el marco de la oración simple: Sujeto, predicado, C. directo, C. indirecto, C. circunstanciales, atributo y c. predicativo</p>
<p>B4.1 Leer obras de literatura española y universal de todos los tiempos y de la literatura juvenil, cercanas a los propios gustos y aficiones, mostrando interés por la lectura.</p>	<p>Valora alguna de las obras de lectura libre, resumiendo el contenido, explicando los aspectos que más le llamaron la atención y que la lectura le aportó como experiencia personal.</p>
<p>B4.5 Comprender textos literarios representativos de la literatura de la Edad Media al Siglo de Oro reconociendo la intención del autor, relacionando su contenido y su forma con los contextos socioculturales y literarios de la época, identificando el tema, reconociendo la evolución de algunos tópicos y formas literarias y expresando esa relación con juicios personales razonados.</p>	<p>Lee y comprende una selección de textos literarios, en versión original o adaptados, y representativos de la literatura de la Edad Media al Siglo de Oro, identificando el tema, resumiendo su contenido e interpretando el lenguaje literario.</p>

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p><u>Procedementos:</u></p> <p>Utilizouse o libro de texto para consulta e asignar actividades.</p> <p>Terase en conta o traballo feito polo alumnado durante o período de confinamento (tarefas enviadas vía <i>email</i>) e da Plataforma EDMODO.</p>
	<p><u>Instrumentos:</u></p> <p>-Exercicios enviados e corrixidos por medio de correos electrónicos entre profesorado e alumnado de forma semanal.</p> <p>-Proba <i>on line</i> realizada a través da Plataforma EDMODO.</p> <p>-Libro de texto.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación da avaliación ordinaria (xuño) será a resultante de:</p> <p>a media da 1ª e 2ª avaliación, nota que poderá subir en positivo ata un máximo de 2 puntos polas tarefas e probas realizadas no 3º trimestre.</p> <p>No caso de non acadar o aprobado, realizarase unha proba para subir nota dos contidos da 1ª e 2ª avaliación por medios telemáticos: a cualificación desta proba fará media coas notas das dúas primeiras avaliacións. Se lles sumará tamén ata un máximo de dous puntos polo traballo realizado durante o terceiro trimestre.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Unha proba que comprenda os contidos e competencias que se traballaron durante os dous primeiros trimestres do curso.</p> <p>De non ser posible a súa realización presencial, faríase unha proba por vía telemática.</p>
Avaliación de materia pendentés	<p><u>Criterios de avaliación:</u></p> <p>Os establecidos na programación principal.</p>
	<p><u>Criterios de cualificación:</u></p> <p>Os establecidos na programación principal: a media das dúas primeiras avaliacións ou, de ser o caso, da cualificación obtida na proba.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Non se avanzou materia, só se reforzaron contidos e competencias xa traballadas nas clases presenciais: o alumnado realizou exercicios semanais de repaso e reforzo enviados vía email.</p> <p>Realizouse unha proba xeral <i>on line</i> que responde ao criterio de avaliación continua.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Todo o alumnado ten ordenador (só había un que non tiña e facilitóuselle un) e todos contactaron co profesorado, independentemente do grao de participación ou realización das actividades de repaso e reforzo.</p> <p>Rexistro do alumnado na plataforma EDMODO, á que teñen acceso tamén os pais.</p>
Materiais e recursos	<p>Libro de texto, caderno de clase, ordenador, conexión a internet, email e Plataforma EDMODO.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O alumnado será informado mediante correo electrónico e na páxina web do centro.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
Lingua Castelá e Literatura de 4º ESO

CURSO 2019-2020

Modelo elaborado segundo as:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.6 / B2.6.2	Redacta con claridade e corrección textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, adecuándose aos trazos propios da tipoloxía seleccionada
B2.6 / B2.6.4	Resume o contido de calquera tipo de texto, recollendo as ideas principais con coherencia e cohesión e expresándoo nun estilo propio, evitando reproducir literalmente as palabras do texto.
B2.3 / B2.3.1	Identifica e expresa as posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.
B3.3 / B3.3.1	Recoñece os procedementos para a formación de palabras novas e explica o valor significativo dos prefixos e dos sufixos.
B3.3 / B3.3.2	Forma substantivos, adxectivos, verbos e adverbios a partir doutras categorías gramaticais, utilizando diversos procedementos lingüísticos.
B3.3 / B3.3.3	Coñece o significado dos principais prefixos e sufixos de orixe grecolatina e utilízalos para deducir o significado de palabras descoñecidas.
B3.1 / B3.1.1	Explica os valores expresivos que adquiren algúns adxectivos, determinantes e pronomes en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen
B3.2 / B3.2.1	Recoñece e explica os valores expresivos que adquiren as formas verbais en relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen
B3.6 / B3.6.2	Recoñece a palabra nuclear que organiza sintacticamente e semanticamente un enunciado, así como os elementos que se agrupan arredor dela.
B3.6 / B3.6.1	Transforma e amplía oracións simples en oracións compostas, usando conectores e outros procedementos de substitución para evitar repeticións.
B3.6 / B3.6.3	Recoñece a equivalencia semántica e funcional entre o adxectivo, o substantivo e algúns adverbios con oracións de relativo, substantivas e adverbiais respectivamente, transformando e ampliando adxectivos, substantivos e adverbios en oracións subordinadas e inseríndoas como constituíntes doutra oración
B3.6 / B3.6.4	Utiliza de forma autónoma textos da vida cotiá para a observación, reflexión e explicación sintáctica.
B3.4 / B3.4.1	Explica todos os valores expresivos das palabras que gardan relación coa intención comunicativa do texto onde aparecen.
B3.4 / B3.4.2	Explica con precisión o significado de palabras, e usa a acepción adecuada en relación ao contexto en que aparecen.
B3.12 / B3.12.1	Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.
B4.4 / B4.4.1	Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura dos séculos XVIII, XIX e XX identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.
B4.4 / B4.4.2	Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.

B4.2 / B4.2.2

Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo dos diversos períodos histórico-literarios, ata a actualidade.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Utilízanse fichas de exercicios enviadas pola profesora e o libro de texto, apuntes e fotocopias para a súa realización.
	Instrumentos: Todas as actividades que o alumnado envía semanalmente son cualificadas e serán tidas en conta en positivo para a nota final. Os alumnos poderán acadar ata dous puntos máis na cualificación final, en función das actividades levadas a cabo no terceiro trimestre e o esforzo realizado durante todo o curso, sobre todo durante as clases presenciais. Os alumnos que teñen na 1ª e 2ª avaliación unha nota media inferior a 4 realizarán tamén dúas probas por medios telemáticos sobre contidos das dúas primeiras avaliacións. A primeira, sobre o temario de Literatura no mes de maio, e a segunda, sobre o temario de Lingua, no mes de xuño.
Cualificación final	A cualificación da avaliación ordinaria (xuño) será a media da 1ª e 2ª avaliación, nota que poderá subir ata un máximo de 2 puntos polas actividades levadas a cabo no 3º trimestre e o esforzo realizado durante todo o curso, como xa se especificou no apartado anterior. A cualificación das probas da 1ª e 2ª avaliación que se realizarán en maio e xuño para subir nota fará media coas notas das dúas primeiras avaliacións. Se lles sumará tamén ata un máximo de dous puntos polo traballo realizado durante o terceiro trimestre.
Proba extraordinaria de setembro	A cualificación da avaliación extraordinaria será exclusivamente a obtida na proba que se realizará no mes de setembro e incluírá contidos da materia impartidos nas dúas primeiras avaliacións, aplicando os estándares de aprendizaxe imprescindibles que aparecen recollidos nesta programación adaptada. De non ser posible a realización dunha proba presencial, por razóns sanitarias, farase unha telemática. A cualificación debe ser igual ou superior a 5 puntos para ser positiva.
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación: Os alumnos coa materia pendente de terceiro, de non superar a 1ª e 2ª avaliación de 4º da ESO, serán avaliados a través dos cadernos de traballo que lles foron entregados antes da suspensión de clases.
	Criterios de cualificación: Tras a corrección dos cadernos de traballo, a cualificación debe ser igual ou superior a 5 puntos para aprobar a materia pendente de terceiro. De non ser o caso, farán un exame telemático no mes de xuño.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Facilitáronse aos alumnos dous cadernos de exercicios que debían ser entregados no mes de xaneiro, o primeiro, e no mes de maio, o segundo.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Realízanse actividades semanais de repaso sobre contidos da 1ª e 2ª avaliación elaboradas pola profesora. Tamén actividades interactivas que están na aula virtual do IES.</p> <p>Os alumnos, que na dúas primeiras avaliacións non acadaron os obxectivos, realizarán tamén dúas probas para subir nota.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Todo o alumnado ten conectividade para contactar coa profesora e realizar as tarefas, independentemente do grao de participación ou realización das actividades de repaso e reforzo. As actividades son enviadas semanalmente ao correo electrónico dos alumnos e colgadas na aula virtual. Unha vez realizadas, reenvíanas ao correo electrónico da profesora para a súa cualificación e posterior envío correxidas.</p> <p>As dúas probas para subir nota da 1ª e 2ª avaliación faranse vía telemática a través da aula virtual do IES.</p>
